

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN CLÁSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA) PARA ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN, DIFUSIÓN, PROMOCIÓN E FORMACIÓN SOBRE XEOTERMIA EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Ángel Bernardo Tahoces, Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizou con ACLUXEGA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 15 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre as partes asinantes para a realización de actividades relacionadas co fomento da xeotermia en Galicia durante o ano 2017, asignando os recursos necesarios para levalas a cabo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no desenvolvemento de unha serie de actividades dentro de esta estratexia e que son as seguintes: xornadas, seminarios e network; cursos de formación e edición e difusión de material formativo e outros.

O público destinatario de estas actuacións son os seguintes grupos:

1. Profesionais Instaladores de sistemas de climatización e promotores, arquitectos, enxeñeiros, construtores , como principais prescritores e decisores.
2. Alumnos universitarios de estudos técnicos e másters en enerxías renovables.
3. Os profesionais, xestores e persoal técnico das institucións públicas e privadas en cada localidade, especialmente responsables técnicos de urbanismo e edificación. (edificios administrativos, museos, piscinas, garderías, centros de día, ximnasios, etc).



4. Directores e profesionais técnicos e de mantemento de industrias agrícolas, Hostalería, e outras industrias, que poidan beneficiarse dos sistemas xeotérmicos na optimización enerxética das súas unidades produtivas.
5. Público en xeral.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

